

CULTURA TRADICIONAL GALLEGA

CRISTINA LÓPEZ MARAGOTO -1º Bachillerato A
I.E.S. As Telleiras (Narón)

ÍNDICE:

1. LOCALIZACIÓN

- INFORMANTES

- LENDAS

2. ROMARÍAS E FESTAS

3. TRADICIÓNS

4. TRABALLO AGRÍCOLA E PESQUEIRO

5. SEGA

- MALLA

6. XOGOS

7.

1. LOCALIZACIÓN

Falarei de Estaca de Bares, un pobo situado no Concello de Mañón, na provincia da Coruña. Pertence á comarca do Ortegal, e é o pobo onde naceu meu pai, quen me proporcionou información para elabora-lo traballo, xunto coa miña nai, veciños varios do pobo e consultas varias en libros e internet.

Estaca de Bares é un pequeno pobo cuns 300 habitantes, pero cunha antiga historia. Din algunhas lendas populares que os primeiros poboadores foron os fenicios, dos cales existen restos arqueolóxicos, como a base do peirao do Porto de Bares, aínda que cientificamente non está do todo claro.



Tamén se sabe que nunha parte da Praia houbo una igrexa, fai aproximadamente uns 400 anos, da que hoxe só quedan algún restos. Esta igrexa desapareceu pola subida do nivel do mar.

Próximo ó pobo sitúase o cabo Estaca de Bares, que é a punta máis setentrional da Península Ibérica. No extremo norte do cabo está situado o Faro de Estaca de Bares. Tamén existiu una instalación dos gardacostas dos EE.UU. e un parque eólico para xerar electricidade.



2. ROMARÍAS E FESTAS

No Porto de Bares, celébrase a Romaría de San Pedro, a esta festa acudían xentes dos pobos veciños de merenda. O mediodía, había unha misa, despois o baile e a comida no campo, á tarde uns bailes galegos cos gaiteiros, e pola noite a verbena. Hoxe en día, perdeu moita tradición.

Na Vila de Bares, celébrase a festa da Pascua, coa misa á Patrona da Nosa Señora, unha procesión típica da Semana Santa polo medio do pobo, e coma en tódalas festas, o baile, a comida con familiares e veciños e a verbena. Hoxe en día séguese celebrando esta festa.

3. TRADICIÓNS

Unha tradición típica era, por exemplo, a MATANZA DO PORCO.

Tódalas casas coidaban os seus porcos para logo, chegado Novembro ou Decembro, matalos, salgar a súa carne, facer os chourizos e comela durante o resto do ano. A matanza era como una festa, uns veciños axudaban e outros comían aquel día a carne do porco e bebían viño e festexábano, contando os seus chistes, e ademais de

face-la matanza, para eles era unha ocasión para xuntarse e falar ou pasalo ben.



4. TRABALLO AGRÍCOLA E PESQUEIRO

Este pobo vivía da pesca e da agricultura.

Ían a pesca do xurelo, sardiña, xarda, etc... Como non existían frigoríficos salgábano para conservalo e poder comelo máis adiante, despois de desalgado, durante máis tempo.

Na terra, cultivaban o millo, trigo e patacas para a súa propia alimentación.

Do millo, obtiñan o gran, que logo o moían nos muíños de auga, cada casa tiña cadanseu, e obtiñan a fariña para face-lo pan. O millo tamén era utilizado para alimentar os porcos.

O trigo utilizábano tamén para facer o pan. Todo isto cultivábase de maneira artesanal, sen ningún tractor. O trigo sementábano cun arado tirado polas vacas, una vez seco, recollíase e chamábase a sega.

6. XOGOS

Nesta vila os nenos xogaban na praza cando viñan da escola, despois de facer os traballos que os seus maiores lles mandaban, como ir mirar do gando, recoller as ovellas ou buscar auga á fonte, porque nas casas non había auga corrente da traída.



Despois xuntábanse na praza para xogaren as agachadas, saltar a corda ou facer carreiras ou xogar á buxaina. Xoguetes había moi poucos, e todos eran de tipo artesanal, por exemplo unha carrilana de madeira que lle facía a un neno seu pai ou o avó, ou bonecas feitas e vestidas como podían, espertando ás veces a envexa daqueles que non os tiñan. En xeral, con moi pouco pasábano ben e se divertían, sobre todo xogando na rúa ou nos campos cos outros nenos.

E esta é a historia dunha pequena vila costeira do norte de Galicia.